



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A
CORPORACIÓN RADIO TELEVISIÓN DE GALICIA (CRTVG) PARA A DIFUSIÓN DE
ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMACIÓN VENCELLADA AO FOMENTO DA
NATALIDADE NO ANO 2016**

En Santiago de Compostela, **21 XULL. 2016**

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Política Social, no seu nome e representación, D. Jose Manuel Rey Varela, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que a este lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto 126/2015, do 4 de outubro, polo que se nomea Conselleiro de Política social, no Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica das Consellerías da Xunta de Galicia, así como no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social,



Doutra parte, Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG), con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos, s/n, Santiago de Compostela, C.I.F. A-15073349; representada neste acto polo seu director xeral don Alfonso Sánchez Izquierdo, nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais, en diante entidade colaboradora.

As partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir, e, para estes efectos,





EXPOÑEN

Primeiro. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas en exclusiva as competencias en materia de servizos sociais de acordo coa Constitución española e o seu Estatuto de autonomía.

Que segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a Consellería de Política Social é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

Segundo. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 4.1.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Terceiro. Que os medios de comunicación son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades do artigo 20 da Constitución, non son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública libre, de tal xeito que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de maneira que poda ponderar as opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundidas a través dos medios de comunicación constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual como social.

En definitiva, os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de





coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social, en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, pretende contribuír a que os cidadáns dispoñan da maior e mellor información posible e ao mesmo tempo transmitir os valores que informan a actuación pública. En concreto, a intención é chegar coa información obxecto deste convenio a todos os tipos de familia, informando das medidas adoptadas de cara a acadar os obxectivos previstos en materia de familia e fundamentalmente a necesidade de incrementar as taxas de natalidade da Comunidade Autónoma.

Quinto. Que a entidade colaboradora forma parte dun grupo de comunicación de ampla difusión en Galicia. Segundo o EGM, a súa audiencia está cifrada en 118.000 persoas para a Radio Galega e 815.000 persoas para a Televisión de Galicia, o que representa respectivamente un 4,90% e un 30,80% do total.

A entidade colaboradora vai a divulgar nos medios de comunicación que a integran, de acordo coa súa liña editorial, información vencellada ao fomento da natalidade.

Sexto. Que resulta de gran interese para a Comunidade Autónoma colaborar na difusión informativa dos ditos contidos.

Polo exposto, e tendo en conta os fins e obxectivos expostos, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Finalidade.

Este convenio ten por finalidade establecer as condicións a través das cales se vai a articular a colaboración entre a Consellería de Política Social e a entidade colaboradora para que esta última realice e divulgue, de acordo coa súa liña editorial, información vencellada ao fomento da natalidade.

O obxectivo final é chegar coa información obxecto deste convenio a todos os tipos de familia, informando sobre contidos relacionados co fomento da natalidade e coa necesidade de incrementar as taxas de natalidade da Comunidade Autónoma.

Segunda. Obxecto.





A entidade colaboradora vai a inserir nos seus medios de comunicación, de acordo coa súa liña editorial, accións divulgativas sobre o fomento da natalidade e a necesidade de incrementar as taxas de natalidade da Comunidade Autónoma.

Terceira. Orzamento.

De acordo cos datos facilitados pola entidade colaboradora o orzamento do custo total das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **31.987** euros que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes.

A Consellería de Política Social comprométese a financiar un importe máximo de **23.953,90** euros á entidade colaboradora para compensar parte dos custos nos que incorra para a realización das actividades derivadas deste convenio, por considerar que a presente acción ten a natureza dun investimento de carácter inmaterial que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería de Política Social.

A colaboración financeira da Consellería neste convenio non terá polo tanto a consideración de "prezo" senón de achega para compensar ao medio de comunicación dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento das actuacións obxecto do convenio.

A achega imputarase á aplicación orzamentaria 12.01.311A.640.1, código de proxecto 2015 00468 correspondente a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Cuarta. Obrigas das partes.

Serán obrigas da entidade colaboradora:

- a. Realizar o obxecto do convenio fixado na cláusula segunda
- b. Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, que estarán a disposición da Consellería de Política Social para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.

2. Serán obrigas da Consellería de Política Social:

- a. Aboar o importe correspondente, logo da xustificación da execución total ou parcial das accións a desenvolver, de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
- b. Proporcionar á entidade colaboradora os datos e a documentación que se lle requira e que garante a obxectividade e veracidade da información.

Quinta. Autorización.





A entidade colaboradora autorizará á administración colaboradora para que obteña directa ou telematicamente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social (modelo Anexo II). No caso contrario aportará a documentación que xustifique o cumprimento das ditas obrigas.

Sexta. Igualdade de xénero e protección da infancia.

A entidade colaboradora, de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, incorporará progresivamente a perspectiva de xénero no ámbito da difusión da información.

Sétima. Plena integración das persoas con discapacidade.

A entidade colaboradora prestará especial atención á promoción de actitudes e condutas positivas para conseguir unha visualización axeitada das persoas con discapacidade, reforzando a súa imaxe e contribución á sociedade.



Oitava. Normativa lingüística

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio levaranse a cabo de acordo co contemplado na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003.

Novena. Forma de pagamento e xustificación.

1. Pagamentos. A Consellería de Política Social realizará os pagamentos en función do grado de execución do obxecto do convenio. A entidade colaboradora achegará a seguinte documentación:
 - A factura correspondente.
 - Declaración responsable da realización parcial do obxecto do convenio (modelo Anexo I).
 - Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.



Décima. Avaliación e seguimento. Comisión mixta

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta de avaliación e seguimento, que estará integrada por:

- Dous representantes da Consellería de Política Social, un dos cales actuará como presidente.
- Dous representantes da entidade colaboradora.

A Comisión reunirse a petición de calquera das dúas partes.

Décimo primeira. Publicación

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto nos artigos 6 e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos identificativos das entidades beneficiarias integraranse en ficheiros informáticos para os efectos oportunos, podendo os interesados exercer os dereitos recoñecidos con carácter xeral na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e de máis normativa de desenvolvemento.

As partes asinantes autorizan/consinten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo segunda. Vixencia do convenio.

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2016 e non será prorrogable.

Décimo terceira. Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.





- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

Décimo cuarta. Modificación do convenio.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superavit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Décimo quinta. Relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Consellería de Política Social, de maneira que non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo sexta. Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e o resto de normativa aplicable.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola comisión mixta de avaliación e seguimento.





Contra as mesmas caberá interpor recurso contencioso administrativo diante da xurisdición Contencioso Administrativa.

Co fin de resolver as dúbidas e omisións que puidesen presentarse, aplicaranse os principios recollidos no do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por duplicado exemplar, no lugar e datas mencionados.

Pola Consellería de Política Social


Jose Manuel Rey Varela

Pola CRTVG


Alfonso Sánchez Izquierdo



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CRTVG
PARA A DIFUSIÓN DE ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMACIÓN VENCELLADA AO
FOMENTO DA NATALIDADE NO ANO 2016**

D/Dª con DNI, en calidade de
.....da entidade
.....,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que durante o mes de esta empresa realizou as actividades obxecto do convenio de referencia, nos termos sinalados na estipulación sobre as obrigas das partes e de acordo co artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Concepto	Unidades estimadas	Unidades realizadas no mes

(Sinatura)

En..... de de.....





ANEXO II

**AUTORIZACIÓN PARA OBTEN OS CERTIFICADOS DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA
SEGURIDADE SOCIAL**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CRTVG
PARA A DIFUSIÓN DE ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMACIÓN VENCELLADA AO
FOMENTO DA NATALIDADE NO ANO 2016**

D/D^a con DNI, en calidade de
..... da entidade
.....

AUTORIZO



Á Consellería de Política Social a obter de forma directa as certificacións acreditativas de estar ao corrente nos pagamentos coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

(Sinatura)



..... de de